

Primaria

Ciencias da Natureza 1

Programación

Unidade 2

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

Título

Coido a miña saúde

Descrición da unidade

O núcleo motivador é o coidado da propia saúde do alumno.

Os contidos que se traballan nesta unidade son:

- O aseo e o aforro de auga.
- O descanso e o tempo libre.
- Evitamos enfermidades e accidentes.

O desenvolvemento da capacidade de autonomía nos alumnos e nas alumnas destas idades favorécese coa práctica de hábitos hixiánicos e de saúde.

Partiremos dos coñecementos previos do alumno sobre a importancia da hixiene e da prevención de accidentes para alcanzar e interiorizar novas aprendizaxes.

É necesario que o alumno adquira hábitos de hixiene e de prácticas deportivas.

Os valores que trataremos centraranse no benestar físico e emocional, así como no respecto ás normas deportivas.

Temporalización

Outubro Novembro

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer os hábitos de hixiene e os obxectos que se utilizan para o aseo.
- Coñecer a importancia do descanso para a saúde.
- Coñecer e discriminar diferentes actividades saudables para o tempo libre.
- Coñecer as accións que preveñen as accións e os accidentes.

3. CONTIDOS DA UNIDADE / CRITERIOS DE AVALIACIÓN / ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> • Características do aseo persoal e os seus beneficios para a saúde. • Coñecemento dos obxectos necesarios para o aseo persoal. • Hábitos de aseo e coidado persoal. • Coñecementos dos momentos máis importantes do aseo diario. • Coñecemento das consecuencias da falta de hixiene. • Recoñecemento da necesidade do descanso para coidar a saúde. • Comprensión da necesidade de realizar actividades saudables no tempo libre. • Valoración do tempo de ocio para realizar e gozar de actividades diversas. • Coñecemento e valoración da importancia das revisións médicas como prevención de enfermidades. • Coñecemento daquelas posturas que prexudican a súa saúde. • Utilización da información para a identificación dos obxectos relacionados con diversas actividades e cuxa finalidade é a protección de 	1. Coñecer os beneficios do aseo persoal.	1.1. Recoñece a importancia do aseo persoal diario.
	2. Nomear os obxectos relacionados co aseo.	2.1. Identifica e nomea os obxectos relacionados co aseo persoal. 2.2. Coñece o uso dos obxectos de aseo.
	3. Adquirir hábitos de aseo.	3.1. Identifica os momentos principais para o aseo. 3.2. Adquire os hábitos de aseo persoal.
	4. Coñecer a importancia do descanso para a súa saúde	4.1. Coñece as horas necesarias de sono para un bo descanso. 4.2. Recoñece os beneficios do descanso.
	5. Coñecer as actividades que se realizan no tempo libre.	5.1. Nomea as actividades relacionadas co tempo libre.
	6. Recoñecer a importancia das revisións médicas para evitar enfermidades.	6.1. Coñece a importancia das revisións médicas como prevención de enfermidades.
	7. Discriminar as posturas prexudiciais para a súa saúde.	7.1. Diferencia as posturas que poden prexudicar á súa saúde. 7.2. Leva de forma correcta a mochila.
	8. Coñecer os obxectos relacionados co deporte que protexen de danos físicos.	8.1. Relaciona os obxectos que protexen de accidentes e os relaciona con deportes e actividades.
	9. Coñecer as normas de comportamento nas actividades grupales e a deportividade.	9.1. Coñece as actitudes positivas relacionadas coa deportividade.

<p>accidentes e danos físicos.</p> <ul style="list-style-type: none">• Recoñecemento dos sentimentos propios e alleos, nas relacións grupales e valoración da deportividade.		
--	--	--

4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar, buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgúns destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avilables	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. Recoñece a importancia do aseo persoal diario.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
2.1. Identifica e nomea os obxectos relacionados co aseo persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de ampliación dos RF.
2.2. Coñece o uso dos obxectos de aseo.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF.
3.1. Identifica os momentos principais para o aseo.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades de repaso do LA. • Actividades propostas na PD.
3.2. Adquire os hábitos de aseo persoal.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD.
4.1. Coñece as horas necesarias de sono para un bo descanso.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
4.2. Recoñece os beneficios do descanso.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
5.1. Nomea as actividades relacionadas co tempo libre.	<ul style="list-style-type: none"> • Actividades propostas na PD. • Ficha de reforzo dos RF.
6.1. Coñece a importancia das revisións médicas como prevención de enfermidades.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
7.1. Diferencia as posturas que poden prexudicar á súa saúde.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Actividades propostas na PD.
7.2. Leva de forma correcta a mochila.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de ampliación dos RF.
8.1. Relaciona os obxectos que protexen de accidentes e os relaciona con deportes e actividades.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF.
9.1. Coñece as actitudes positivas relacionadas coa deportividade.	<ul style="list-style-type: none"> • Selección de actividades do LA. • Ficha de reforzo dos RF.

5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística</i>	Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...	Entende o enunciado das actividades sen necesidade de axuda.
	Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información.	Describe de forma oral as actividades que se realizan no tempo libre, así como as accións encamiñadas a protexer a saúde.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do corpo humano fronte ao seu coidado saudable.	Coñece os hábitos de hixiene en relación co coidado saudable do corpo.
	Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico	Coñece a importancia do exercicio físico como beneficio para a súa saúde.
<i>Competencia dixital</i>	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta con corrección o apoio visual para a realización da actividade.
<i>Aprender a aprender</i>	Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.	Segue os pasos establecidos na resolución de actividades.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.	Actúa con deportividade e respecta os sentimentos dos demais.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.	É respectuoso coas normas deportivas e coa relación cos seus iguais.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Coida o seu benestar físico e emocional practicando hábitos de vida saudable.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.	Participa activamente nas actividades de traballo cooperativo
<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.	Realiza o traballo con pulcritude.

6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

Tarefa 1: Lemos o texto que acompaña á ilustración e traballamos a imaxe e o texto

- Identificamos ideas previas no LA e suxestións metodolóxicas na PD.
- Realizamos os exercicios do LA, do LD e da PD de «Que sabemos»

Tarefa 2: Traballamos as nocións básicas que comprenden o aseo persoal

- Coñecemos os principais hábitos de hixiene e utensilios de aseo no LA, suxestións metodolóxicas e traballo cooperativo na PD.
- Traballamos de xeito cooperativo como propón a PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 3: Coñecemos a necesidade de descanso do corpo humano

- Coñecemos o número de horas adecuadas de descanso no LA, suxestións metodolóxicas na PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD

Tarefa 4: Traballamos a noción de tempo libre en canto á súa importancia para a saúde

- Introducimos o concepto de tempo libre co LA e as suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e de ampliación dos RF.
- Traballamos en cooperativo como propón a PD.

Tarefa 5: Coñecemos as principais accións para previr enfermidades e accidentes

- Traballamos este concepto coas suxestións metodolóxicas da PD.
- Realizamos as actividades do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e as fichas de reforzo e ampliación dos RF.

Tarefa 6: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA.
- Realizamos as actividades da PD.
- Traballamos en cooperativo como propón a PD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.

7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS

No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:

- As actividades que se propoñen nesta unidade permiten que o profesor observe como os seus alumnos rodean, unen, colorean, subliñan e así saiba o nivel no que se encontran e o

seu grao de habilidade para executalas. Segundo as necesidades do alumnado, insistiremos máis no reforzo ou no que aprenden de novo.

- A lámina motivadora e as actividades da páxina «Que sabemos» axudarannos a comprobar os coñecementos previos dos alumnos.
- Exposición do profesor. As explicacións dos contidos da unidade deberán ir acompañadas de exemplos próximos aos nenos ou axudados por material manipulativo.
- Ao longo da unidade didáctica propóñense actividades que reforzan os valores do compañeirismo e a deportividade, co fin de que o alumnado sexa capaz de identificarse afectivamente co estado de ánimo e os sentimentos doutras persoas, así como de fomentar o respecto das normas.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais.
- Traballo en grupo cooperativo: facer grupos de 3 ou 4 alumnos e utilizar as estruturas de traballo cooperativo suxeridas na guía do profesor para traballar os principios de definición de obxectivo grupal, interdependencia positiva e interacción cara a cara.
- Posta en común en gran grupo, despois do traballo individual ou grupal.
- Adquisición de hábitos. Debido á súa idade, os nenos non teñen suficiente autonomía nin teñen asimilados os hábitos de hixiene; por iso, o profesor debe actuar como orientador recordando en que momentos deben lavarse as mans para que eles comecen a adquirir o hábito.

8. RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Ciencias da Natureza:

- Recursos fotocopiabes da proposta didáctica, con actividades de reforzo, de ampliación e de avaliación.
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Materiais: murais, cartolinas, pinturas...
- Mural da unidade, no que se mostra un polideportivo e a práctica de diversos deportes.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña a proposta didáctica, cos recursos fotocopiabes.
- A continuación recóllense algúns enlaces web:
 - Aprendemos a coidarnos: <http://contenidos.educarex.es/mci/2008/32/index2.htm>

9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Proba de avaliación da unidade (nos recursos fotocopiabes).
- Outros recursos: rúbrica, diana, etc. (no anexo de avaliación).

10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades prevexo no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender as necesidades individuais?

11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?
- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?